

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 15 de Decembro de 2014.
ACTA N° /2014

Na Casa do Concello de SILLEDA, ás once horas do día quince (15) de Decembro do ano dous mil catorce (2014), reúñese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
Dª María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)
D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)
Dª María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
Dª Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

ORDE DO DIA

Único.- APROBACION DO CONTRATO DE LIQUIDACION E COMPENSACION DE DEBEDAS MUTUAS, MEDIANTE A TRANSMISION FINAL DE INMOBLES PROPIEDADE DA FUNDACIÓN AO CONCELLO PARA LIQUIDAR AS MESMAS.

INTERVENCIÓN:

Sr. Alcalde: sinala a importancia deste acordo e que se fixeron os deberes. Fai un percorrido polos números mais salientables, co remate dunha débeda total de 1.610.049,85 €, un recoñecemento a favor da Fundación de 383.530,30, se anulan os 218.086,65 de recargo de prema e nos queda un balance final de 1.008.432,90 que son compensados coas tres fincas/inmobilés da Fundación, recordando a valoración pericial das tres, dando un resultado final de 4.511,28 ao noso favor, unha vez restada esa taxación dos bens que pasan a ser da nosa propiedade, o "Palacete" para Escola de Música, o chamado Campo de Golf, que é unha maneira de denominación, non significa que sexa para iso, senón para usos deportivos etc., o mesmo cas outras dúas, e, finalmente, a finca coñecida como "Centro de Día". Púxose por parte do

Concello todo o interese para zanxar este tema, que axuda moito o futuro da Fundación, xa que compre sinalar que, de non ser así, estaría abocada a unha quebra ou situación económica moi delicada e nos, pois nos facemos con estes bens que aricaramos ao mellor servizo público dos veciños, e a sacarle a correspondente rendibilidade nese eido.

Voceiro PP: é un día grande para Silleda e non está de mais recordar o proceso ao longo de moitos anos e que remata con este acordo satisfactorio para as dúas partes e a Fundación pecha dous frentes: o de FCC e o da débeda municipal, que tamén permitirá regularizar os Orzamentos e nos facemos con dous edificios moi bós, para a Escola de Música e para o Centro de Día. E hai que agradecer o traballo de tódolos que participaron no proceso. E por suposto o Patronato, a Durán e a Rueda que fixeron posible este acordo.

Voceiro BNG: Que hai que facer memoria, non so recente senón histórica, que hai que partir de quen fundou a Semana Verde e porque se fixo ese recinto. Que se fixo coa gran tarea dos silledenses e posteriormente eses silledenses, mediante unha dirección, proponen a Xunta de Galiza a creación da infraestructura maior do país para albergar a Feira Internacional de Galiza. A Xunta, presidida por Manuel Fraga, accede a iso e a partir do ano 1996 o recinto pasa a ser a Feira Internacional de Galiza. A partir de ahí a Xunta de Galiza e as respectivas deputacións acabaron promocionando unha serie de infraestructuras para feiras de todo tipo o que acabou por devaluar o propio recinto e ter unha infrautilización, casi diría total na actualidade, cun modelo o revés do que se fai en Europa, onde convirten os multiusos en auténticos referentes dos recintos feirais, pero aquí creouse unha continua chantaxe ao Concello que mesmo creou un “pelotazo”. E chegouse aos primeiros despedimentos, por non saber desenvolver no recinto as feiras mais importantes de Galiza, cunha 1ª remesa que se toma no 2011 e outra neste mesmo ano. O Alcalde convocounos fai un ano cando o Oral puxera o ultimatum en agosto e había unha prórroga mesmo ilegal que vencia o 31 de decembro e se convoca polo día dos Santos Inocentes para comprobar outro chantaxe da Semana Verde; e días despois despídese a traballadores, e aquí é onde está a discrepancia do BNG, 1º esiximos manter os postos de traballo e apostar pola dinamización da feira internacional de Galiza e que se cumpra a promesa de investimentos. Non se manteñen os postos de traballo e tamén optamos por un modelo público de xestión, non por un privado, como está a acontecer. Impúxose este modelo e chegamos o día de hoxe. O Secretario parece que atopou unha fórmula xurídica para solucionar o asunto. Pero non podemos aceptar este Convenio porque floxea de moitas cousas como onde vai 1/3 do persoal que de despideu e a dinamización do recinto. Se podía conseguir mais. O edificio da Escola de Música xa o propuxo o BNG no seu día e estamos de acordo; agora compráse a parcela para o Centro de Día cando xa existía un acordo de cesión por 99 anos, polo que é absurdo metelo neste convenio e si podería aparecer algúna das infraestructuras que hai dentro do recinto (auditório, almacén...), pero o Sr. Rueda non se quere desprenderse deles para así vender espazo a empresas privadas como foi o da peleteira, polo que a valoración que se fai non me cadra. Isto esconde a liquidación do recinto, moito me temo. En definitiva a compensación é inferior ao prometido e non se manteñen os postos do traballo e un dos motores dinamizadores da economía de Silleda non se aposta por él. E o diñeiro dos investimentos xa se ve que non están, o Alcalde non di nada deles..., silencio.

Alcalde: primeiro aclárolle que non é mesmo unha cesión dos terreos do Centro de Día, condicionados a execución da obra nun prazo, que a propiedade dos mesmos, a diferenza é sustancial. Teño que deixar constancia de excelente traballo do Secretario, aquí a miña esquerda, o Sr. Quintans foi o auténtico artífice desta solución. E mire Sr. Matias "me aburres mucho, me aburres muchísimo", sempre lle das mil voltas as cousas para acabar no mesmo sitio, cansas con esa verborrea. Podería ser mellor por aquí ou por alá, a todos nos gustaría mais, claro, pero o importante é que todo veciño deste pobo entenderá que é un bo acordo, como mínimo.

Voceiro BNG: O que a vostede lle aburre é a política, e isto é pura política.

Voceiro PP: Matias deberías pensar que non sempre podes ter razón. Repito que é un bo acordo.

VOTACION: se somete a votación co resultado seguinte:

- 12 votos favor dos 6 concelleiros do grupo socialista e 6 do grupo popular, e unha abstención do voceiro do BNG, grupo mixto.

En consecuencia, queda aprobado por mayoría. Se transcribe o texto da Proposta da Alcaldía de contrato entre o Concello de Silleda e a Fundación Semana Verde:

**CONTRATO DE LIQUIDACION E COMPENSACION DE DEBEDAS
MUTUAS, MEDIANTE A TRANSMISION FINAL DE INMOBLES
PROPIEDADE DA FUNDACION AO CONCELLO PARA LIQUIDAR AS
MESMAS**

ANTECEDENTES

I.- O Concello de Silleda e a Fundación Semana Verde están inmersos nunha problemática consistente na existencia dunha débeda que mantén a FUNDACION en concepto de impostos municipais impagados por importe de 982.563,35 de principal, que más intereses, 409.236,02 €, e recargo de apremo, 218.086,65€, supoñen un total de 1.610.049,85 € a 31-12-2013 – débeda líquida, vencida e esixible, nestes intres en vía executiva no ORAL, pendente de embargo, e con suspensión do mesmo ata o 31-12-2014-. Un problema que ven de moitos anos atrás, con diversas vicisitudes, e que tivo como intento último unha proposta de Convenio de liquidación e compensación en Marzo de 2014. Igualmente, o Concello recoñeceu unha débeda en concepto de apartación municipal para a posta en marcha da Fundación no ano 1991 por importe de 300.506,05 € mais intereses computados a partir de Febreiro do 2009, logo do Convenio subscrito entre as partes o día 9 dese mes.

O Secretario municipal logo de estudar toda a problemática legal emitiu un informe que se transcribe de seguido, e que é a base sobre o que Concello e FUNDACIÓN chegaron finalmente a un acordo que remata este contencioso con satisfacción para as dúas partes e desde a perspectiva de garantir os intereses públicos xerais que ambas partes defenden.

II.- Informe de Secretaría que se transcribe:

(...)

INFORME

DEBEDA DA FUNDACION SEMANA VERDE CO CONCELLO DE SILLEDA A 31-12-2013 E DO CONCELLO COA FUNDACION

Proposta de liquidación e compensación de débedas

INTRODUCCIÓN: O Concello de Silleda e a Fundación Semana Verde están inmersos nunha problemática consistente na existencia dunha débeda que mantén a FUNDACION en concepto de impostos municipais impagados por importe de 982.563,35 de principal, que máis intereses, 409.236,02 €, e recargo de apremo, 218.086,65€, supoñen un total de 1.610.049,85 € a 31-12-2013 – débeda líquida, vencida e esixible, nestes intres en vía executiva no ORAL, pendente de embargo, e con suspensión do mesmo ata o 31-12-2014-. Un problema que ven de moitos anos atrás, con diversas vicisitudes, e que tivo como intento último unha proposta de Convenio de liquidación e compensación en Marzo de 2014, que finalmente non veu a luz, por mor de informes negativos por parte municipal, e no que se plantexaba unha compensación, aportando a Fundación dous bens, o edificio da actual Escola de Música e un terreo rústico que se identifica como Campo de Golf segundo unha valoración/peritaxe da Axencia Tributaria Galega.

NOTA : O Secretario que subscribe fai constar que sería necesaria unha valoración por parte municipal dos inmobles que se propoñen como compensación.

Aos efectos de centrar esta controversia, se parte dun feito determinante: o 26 de Febreiro de 2009, en documento asinado entre a Directora Xeral da Fundación e a Alcaldesa, asumiuse que nesa data, a situación, en canto as relacións económicas recíprocas, é a que se recolle nun cadro a continuación, 1.354.618,57 a favor de Silleda e 300.506,05 € da Fundación.

NOTA: Se incorpora como ANEXOS os documentos que seguen:

1. Informe ORAL débeda pendente cobro a 31-12-2013 da FUNDACION
2. Resolución de ORAL concedendo unha suspensión da execución da débeda a FUNDACION ata o 31-12-2013
3. Documento de recoñecemento de débedas entre as partes de Febreiro de 2009
4. Listado da débeda da Fundación e Proposta de Compensación a 21-03-2014
5. Valoración de bens da Fundación polo Arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Con estes puntos de partida, se emite este:

INFORME

LEXISLACIÓN APPLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas(RXLCAP).
- Regulamento de Bens das Entidades Locais -RBEL-, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei de Patrimonio do Estado.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei Xeral Tributaria.
- Regulamento Xeral de Recadación. Real Decreto 939/2005.
- Lei de Facenda das Entidades Locais. Real Decreto Lexislativo 2/2004
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

1.- Concreción/Cuantificación da débeda entre as dúas institucións. Da Fundación Semana Verde co Concello e viceversa.

1.1.- Antecedentes. Documento de recoñecemento de débeda entre as partes.
 O 26 de Febreiro de 2009, en documento asinado entre a Directora Xeral da Fundación Semana Verde e a Alcaldesa, se recoñeceu que as débedas entre as dúas partes é a que se recolle no cadro seguinte:

CONCEPTO. DEBEDA DA FUNDACIÓN CO CONCELLO	CANTIDADE
IBI. Principal e intereses	1.267.786,37
IAE	80.003,23
Taxa lixo	6.828,97
TOTAL	1.354.618,57

CONCEPTO. DEBEDA DO CONCELLO COA FUNDACIÓN	CANTIDADE
Aportación municipal posta en marcha da Fundación	300.506,05 €
TOTAL	300.506,05 €

Exclusión de outras supostas débedas e cómputo de intereses. Hai que apuntar a precisión de que nese documento a Fundación recoñece que as cantidades rexistradas na súa contabilidade e reclamadas en concepto de "axuda para a adquisición de terreos para a construcción do recinto" no ano 1992 (300.532 €) prescribiron e carecen de xustificación documental. Sobre esa base considero innecesario facer maiores reflexións.

En consecuencia, a única débeda municipal é a citada de 300.506,05 €. Igualmente, aínda que esa débeda en concepto de aportación municipal para a posta en marcha da Fundación procede do ano 1991, nese documento se fixa nesa cantidad sen referencia algúns aos intereses, polo que cabe concluir que os mesmos se deben computar desde o 26 de Febreiro de 2009 e non desde 1991, a maior abundamento cando os asinantes no apartado 1º si inclúen expresamente os intereses na débeda da Fundación co Concello e, en cambio, no punto 3º non os citan, se limitan a recoñecer unha dotación municipal por

ese concepto de 300.506,05 €, sen referencia algúna os intereses –se insiste-, polo que se conclúa que se deben aplicar desde esa data e non desde o 1991 como sostén a Fundación, en concreto no informe de 4 decembro do 2013 da Asesoría Xurídica da Xunta e na táboa anexa elaborada pola Fundación a 21-03-2014.

Cómputo exacto. Por tanto, se parte dunha débeda de 1.354.618,57 a favor de Silleda e paralelamente o Concello recoñeceu outra de 300.506,05 € coa Fundación en concepto de dotación/apartación municipal inicial para a posta en marcha da mesma.

Se lle engadimos a mesma o interese de demora, sería:

PRINCIPAL	INTERES DEMORA	TOTAL
300.506,05 €	5 %. 2009	315.531,35
315.531,35	5 %. 2010	331.307,91
331.307,91	5 %. 2011	347.873,30
347.873,30	5 %. 2012	365.266,96
365.266,96 (A 31-12-2013)	5 %. 2013	383.530,30
383.530,30 (A 31-12-2014)	5 %. 2014	402.706,81
TOTAL		402.706,81

1.2.- Análise da débeda municipal de 300.506,05 € coa Fundación en concepto de dotación/apartación municipal inicial.

A citada apartación foi aprobada por acordo plenario de 14 de Marzo de 1991, por valor de 50 millóns de ptas., que se farían efectivos con cargo aos Orzamentos do 92,93 e 94. A Interventora anterior informa(19 Decembro 2013) que, logo de consultar a contabilidade municipal, constan recoñecidas obrigas a razón de 12.500.000 pts. anuais, ou sexa un total de 37.500.000 pts. ou 225.379,54 €, as cales foron dadas de baixa en data 31-12-1999, ao mesmo tempo que tamén se dou de baixa 730.917,40 € en concepto de IClO da Fundación polas obras de edificación do recinto feiral. Destes feitos cabe deducir que se procedeu a unha compensación entre os dous conceptos. En consecuencia, apunto a conclusión da non vixencia desa débeda, a pesares de que consta a súa asunción no aludido documento. Non obstante, tamén é certo que existe o documento antedito de recoñecemento de 26-02-2009, que contradí esta valoración, e que compe telo en conta, por tanto.

1.3.- Débeda da Fundación a 31-12-2013.

Cos datos oficiais de ORAL, Servizo de Recadación da Deputación, a situación da débeda contraída pola Fundación Semana Verde de Galicia co Concello de Silleda por tributos municipais pendentes de pago, mais en concreto en vía executiva, cunha suspensión da mesma ata o 31-12-2014, de carácter excepcional, e cunha sentencia previa favorable ao Concello, é a que segue:

DEUDA DA FUNDACION SEMANA VERDE POR CONCEPTOS IMPOSITIVOS CO CONCELLO DE SILLEDA A 31-12-2013						
Nº RECIBOS	TOTAL DEUDA	COBROS	ING.ACUENTA	TOTAL COBROS	TOTAL BAJAS	A INGRESAR
	73	5	2		2	66

PRINCIPAL	1.202.796,59	10.401,52	107.869,37	118.270,89	101.962,35	982.563,35
RECARGO	240.559,43	2.080,31	0,00	2.080,31	20.392,47	218.086,65
INTERESES	456.142,45	3.101,55	0,00	3.101,55	43.804,88	409.236,02
COSTAS VALOR	188,43	12,50	5,85	18,35	6,25	163,83
COSTAS EXPEDIENTE	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.899.686,90	15.595,88	107.875,22	123.471,10	166.165,95	1.610.049,85

1.4.- Débeda entre as partes. Actualización a 31-12-2013.

Sobre o exposto, a actualización da débeda entre as partes sería a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Débeda Fundación co Concello	1.610.049,85
Débeda Concello coa Fundación	383.530,30
SALDO FAVORABLE CONCELLO	1.226.519,55 €

2.- Compensación de débedas no noso ordenamento xurídico.

A compensación, como forma de extinción das obrigacións tributarias, está recoñecida no noso ordenamento xurídico. Como sucede na normativa civil, o mecanismo da compensación, segundo os artigos 1195 e 1202 do Código Civil, extingue na cantidade concorrente as obrigacións daquelas persoas que por dereito propio sexan reciprocamente acreedoras e debedoras unhas das outras e require, conforme o art. 1196.2 do mesmo Código, para que poida ter lugar a compensación, que os suxeitos teñan a condición antedita e que se trate dunha cantidade vencida, líquida e exible concorrente.

Na vixente Lei Xeral Tributaria, a compensación regúlase no artigo 71, co seguinte contido:

1. As débedas tributarias dun obrigado tributario poderán extinguise total ou parcialmente por compensación con créditos recoñecidos por acto administrativo a favor do mesmo obrigado, nas condicións que regulamentariamente establezanse.
2. A compensación acordarase de oficio ou a instancia do obrigado tributario.
3. Os obligados tributarios poderán solicitar a compensación dos créditos e as débedas tributarias das que sexan titulares mediante un sistema de conta corrente, nos termos que regulamentariamente determiníñense.

En termos procesuais, como di a sentenza do Tribunal Supremo de 14 de maio

de 2010.

"...a compensación pode ser realizada por vía de demanda ou reconvención, ou mesmo por vía de excepción, mediante a alegación dos feitos que a xeran. Lembremos que o artigo 408.1 da Lei de Enxuizamento Civil admite esta vía ao prever que se fronte á pretensión actora de condena ao pago de cantidad de diñeiro, o demandado alegara a existencia de crédito compensable, dita alegación poderá ser controvertida polo actor na forma prevista para a contestación á reconvención, ainda que o demandado só pretendese a súa absolución e non a condena ao saldo que ao seu favor puidese resultar".

Pero o que non é posible é a súa apreciación de oficio polo Tribunal, e isto é o que adoita ocorrer cando a existencia de crédito compensable non é alegada polo Avogado do Estado no seu escrito de contestación á demanda, nin en ningún outro.

Até aquí, os requisitos legais son coincidentes en ambas as regulacións. Con todo, a Lei Xeral Tributaria, como se dispón no seu artigo 71, determina que a compensación das débedas tributarias realícese nas condicións en que regulamentariamente establezanse.

O desenvolvemento regulamentario foi recollido no Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, que dedicou os artigos 63 a 68 á compensación, e nos artigos 55 a 60 do vixente Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, onde se dispón o seguinte:

As débedas de natureza pública a favor da Facenda pública, tanto en período voluntario como en executivo, poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación cos créditos recoñecidos por aquela a favor do debedor en virtude dun acto administrativo.

Estas normas complementanse, polo que agora interesa, en que o suxeito pasivo debedor, por exemplo, cando se trate dun Concello, co establecido no artigo 109 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de modo especial, cando se trata de débedas de entidades públicas, o artigo 57 do Regulamento Xeral de Recadación.

1. As débedas vencidas, líquidas e exixibles a favor da Facenda pública estatal que deba satisfacer un ente territorial, un organismo autónomo, a Seguridade Social ou unha entidade de dereito público serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.
2. A compensación realizarase cos créditos de natureza tributaria recoñecidos a favor das entidades citadas e cos demais créditos recoñecidos no seu favor por execución do orzamento de gastos do Estado ou dos seus organismos autónomos e por devolucións de ingresos orzamentarios.
3. O inicio do procedemento de compensación notificarase á entidade correspondente indicando a débeda e o crédito que van ser obxecto de compensación na cantidad concorrente.

Ademais, o artigo 109 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, recoñece tamén que a extinción total ou parcial das débedas que o Estado e calquera entidades de Dereito público teñan coas Entidades Locais ou viceversa, poderá acordarse por vía de compensación, cando se trate de débedas vencidas, líquidas e exixibles. E a Disposición Adicional 14^a da Lei de Facendas Locais (segundo a redacción dada polo art. 141 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social) establece tamén a compensación das débedas firmes contraídas co Estado polas entidades locais con cargo ás ordes de pago que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado deba transferir ás referidas entidades." As previsións do artigo 109 da Lei 7/1985 foron confirmadas na Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Dos preceptos transcritos dedúcese que poden compensarse as débedas tributarias das Entidades públicas non rexidas polo Dereito privado, unha vez finalizado o

período voluntario de ingreso. No artigo 57 do Regulamento Xeral de Recadación, do mesmo xeito que o artigo 68 do anterior Regulamento de 1990, regúlase a compensación de oficio de débedas de Entidades Públicas, dispoñendo que as débedas a favor da Facenda Pública, cando o debedor sexa un Ente territorial ou Entidade de dereito público, cuxa actividade non se rexía polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

Ademais, como di a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de maio de 2010, hai que ter en conta que para que poida operar a compensación, ademais de esixirse que se iniciou o período executivo de pago, “é necesaria a existencia de créditos compensables que sexan vencidos, líquidos e exixibles, e que, ademais, fosen contabilizados como tales”. E esa valoración probatoria efectuada polo Tribunal “a quo” non pode ser combatida en casación. Certamente que o instituto da compensación é unha forma de extinción das débedas tributarias e que, a tenor do artigo 71 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, son compensables, total ou parcialmente, non só as débedas dos particulares, senón tamén as débedas tributarias das Entidades públicas non rexidas polo Dereito privado, unha vez finalizado o período voluntario de ingreso.

Sobre este aspecto, a sentenza do Tribunal Supremo de 22 de abril de 2010, declarou que eran necesarios a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que tanto as débedas como os créditos tributarios deben estar recoñecidos en actos administrativos firmes, pois é unha característica intrínseca do instituto da compensación que ambas as débedas teñan as mesmas calidades xurídicas, plena reciprocidade e absoluta igualdade xurídica, aspectos que brotan das notas de que acreedor e debedor sexan reciprocalmente do un nunha cantidade vencida, líquida e exixible concorrente.
- b) Que os actos firmes son aqueles contra os que non cabe interposición de recursos ou reclamacións por ser consentidos e
- c) Que está acreditado que no momento de acordarse a compensación impugnada, o crédito da Facenda da Comunidade Autónoma correspondente non fose obxecto de recurso pola entidade pública de que se tratase, porque neste caso, non se trataría dun acto administrativo firme.

Como se expuxo anteriormente, tanto as débedas como os créditos tributarios deben estar recoñecidos en actos administrativos firmes, pois é unha característica intrínseca do instituto da compensación que ambas as débedas teñan as mesmas calidades xurídicas, plena reciprocidade e absoluta igualdade xurídica, aspectos que brotan das notas de que acreedor e debedor o sexan reciprocalmente nunha cantidade vencida, líquida e exixible concorrente.

Por iso, cando o crédito correspondente susceptible de compensación non está recoñecido en acto administrativo firme, polo que anula os actos impugnados, é cando xorde a dúbida de se é procedente ou non a compensación que se pretende utilizar para extinguir a débeda.

En efecto, é claro, en primeiro lugar, que ningunha das normas legais e regulamentarias mencionadas esixe que as liquidacións tributarias cuxa compensación se pretende deban ser firmes en vía xudicial. En particular, non o fai o artigo 81 da Lei Xeral Tributaria, que únicamente esixe que sexan recoñecidos por acto administrativo os créditos a favor do mesmo obrigado tributario, non as débedas tributarias cuxa extinción total ou parcial se preténdese por compensación. Polo que en concordancia coa esixencia da lexislación civil, debe tratarse en todo caso, de débedas tributarias vencidas, líquidas e exixibles.

Ademais, debe advertirse que, en virtude do artigo 7 da Lei Xeral Tributaria, os preceptos citados do Código Civil (artigos 1195, 1196 e 1202) só resultan aplicables no ámbito das obrigacións tributarias con carácter supletorio, e, obviamente, en tanto non entren en conflito cos principios recolleitos nas normas tributarias. Precisamente por esta razón, cando o Tribunal Supremo pronunciouse sobre a compensación como forma de extinción da débeda tributaria, como ocorre na sentenza 30 de setembro de 2005,

limitouse a sinalar que como sucede na normativa civil, o mecanismo da compensación, segundo os artigos 1195 e 1202 do Código Civil, extingue na cantidad concorrente as obrigacións daquelas persoas que por derecho propio sexan recíprocamente acreedoras e debedoras únalas das outras e require, conforme o artigo 1196.2 do mesmo Código, para que poida ter lugar a compensación, que os suxeitos sexan recíprocamente acreedor e debedor o un do outro nunha cantidad vencida, líquida e exible concorrente.

3.- Análise xurídico do caso concreto. Compensación entre a Fundación e o Concello.

Sobre a base da cuantificación antes citada, a 31-12-2013, procede facer un análise xurídico sobre a posibilidade de compensación, tendo en conta que estamos ante dúas Administracións Públicas e que a débeda da Fundación son impostos municipais e partindo da vontade expresa das partes da búsquea dunha solución satisfactoria que evite, en especial, que a Fundación teña que desembolsar ese diñeiro, do que non dispón, e que lle abocaría a unha probable quebra económica.

A compensación está recoñecida no Código Civil –art. 1195, 1196 e 1202- entre acreedores e debedores, sendo as súas características básicas:

- Que é unha forma de extinción das obligas cando dúas persoas reciprocamente se deben unha a outra.

- É preciso que se trate de débedas vencidas, líquidas e esixibles.

No derecho administrativo é de aplicación a Lei Xeral Tributaria, 58/2003 e o Regulamento Xeral de Recadación, aos que me remito para evitar repeticións innecesarias, en concreto aos artigos 71 e 72 e 55, 56 e 59.1 do Regulamento, nos que se configura, en síntese, esta figura xurídica como unha facultade, un derecho subxectivo que ten o acreedor/debedor da Facenda Pública que lle permite recorrer a ese mecanismo fronte a Administración, que ten que aceptalo, sempre que concorran os requisitos legais esixidos. Esta doutrina e interpretación xurídica atopamos descrita perfectamente na sentencia da Audiencia Nacional que transcribimos de seguido:

Sentencia Audiencia Nacional 101/2001, de 5 Diciembre 2000:

“Tanto en el ordenamiento jurídico privado (art. 1195 y ss. del Código Civil) como en el tributario, la compensación de deudas como modo de extinción de las obligaciones constituye un auténtico derecho subjetivo de quien insta una tal compensación, sin que sea potestativo de aquel a quien se solicita aceptar o no, siempre, claro está, cuando concurran...los requisitos legales al efectos establecidos”.

Trasladada esta doutrina ao caso presente, a Fundación, na súa condición de debedora de impostos municipais ao Concello de Silleda, ten derecho a que se lle compensen os mesmos. Neste caso, concretando, esa débeda ten o carácter de vencida, líquida e esixible –se atopa en vía de apremo, para maior énfase e avalada con fianza- e igualmente a do Concello está recoñecida no referido documento de 26 de Febreiro de 2009, asinado entre a Directora Xeral da Fundación Semana Verde e a Alcaldesa. Procede, ademais, nos dous casos a aplicación de intereses de demora, segundo o cómputo efectuado nos apartados anteriores.

CONCEPTO	IMPORTE

Débeda Fundación co Concello	1.610.049,85
Débeda Concello coa Fundación	383.530,30

Consecuentemente, se reúnen tódolos requisitos esixidos na vixente lexislación para esa compensación: débeda vencida, líquida e esixible a da Fundación e recoñecemento expreso da recíproca do Concello en virtude dun acto administrativo –con perdón por tanta reiteración-, e cuxo balance final sería:

SALDO FAVORABLE CONCELLO	1.226.519,55 €
--------------------------	----------------

4. – Adquisición de bens polas entidades locais. Pago en especie.

Adquisición de bens. En canto o análise sobre a adquisición de bens polas entidades locais, a vixente lexislación está constituía pola Lei 7/85, Regulamento de Bens e Lei 33/2003 de Patrimonio do Estado, cuxos artigos esenciais, aplicados ao caso presente se transcriben:

Art. 9.1. Las Entidades locales tendrán capacidad jurídica plena para adquirir y poseer bienes de todas las clases y ejercitar las acciones y recursos procedentes en defensa de su patrimonio.

2. Las Entidades locales tienen la obligación de ejercer las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos.

3. Los acuerdos para el ejercicio de acciones necesarias para la defensa de los bienes y derechos de las Entidades locales deberán adoptarse previo dictamen del secretario, o, en su caso, de la Asesoría Jurídica y, en defecto de ambos, de un Letrado.

Art. 10.

Las Corporaciones Locales pueden adquirir bienes y derechos:

- a) Por atribución de la Ley.
- b) A título oneroso con ejercicio o no de la facultad de expropiación.
- c) Por herencia, legado o donación.
- d) Por prescripción.
- e) Por ocupación.
- f) Por cualquier otro modo legítimo conforme al ordenamiento jurídico.

En idéntico sentido se expresa el Artículo 15. Modos de adquirir. Ley 33/2003 de Patrimonio del Estado.

Neste caso concreto, se poden adquirir os bens da Fundación polo mecanismo legal da compensación, ao tratarse dunha forma específica prevista no ordenamento como antes se expuxo. En canto o procedemento, áinda que se debe facer por calquera das formas previstas na Lei de Contratos do Sector Público, e de acordo con esas regras, neste suposto, dadas as características de que se trata dunha compensación, procedería a adquisición directa por tal razón.

Dación en pago das débedas tributarias

Únicamente procede o pago en especie de débedas tributarias cando unha norma con rango de lei así o autorice. No caso de tributos locais non existe norma con rango de lei que expresamente estableza esta modalidade de pago, polo que non pode aceptarse a dación dun inmoble en pago de débedas tributarias.

En efecto, o art. 60.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro (BOE do 18), Xeral Tributaria

(LGT 2003), cando regula as formas de pago admitidas, dispón que poderá admitirse o pago en especie da débeda tributaria en período voluntario ou executivo cando unha lei dispónao expresamente e nos termos e condicións que se prevexan regulamentariamente. Isto é, non se admite con carácter xeral o pago en especie; senón só cando unha lei autoríceo expresamente.

E, polo momento, a única Lei que contén dita previsión é a Lei 16/1985, de 25 de xuño (BOE do 29), do Patrimonio Histórico Español; que, no seu art. 73, dispón que o pago das débedas tributarias poderá efectuarse mediante a entrega de bens que formen parte do Patrimonio Histórico Español, que estean inscritos no Rexistro Xeneral de Bens de Interese Cultural ou incluídos no Inventario Xeral, nos termos e condicións previstos regulamentariamente. Por iso, o art. 97.3 da Lei 35/2006, de 28 de novembro (BOE do 29), do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, dispón expresamente que o pago da débeda tributaria poderá realizarse mediante entrega de bens integrantes do Patrimonio Histórico Español que estean inscritos no Inventario Xeral de Bens Mobles ou no Rexistro Xeneral de Bens de Interese Cultural, de acordo co disposto no referido art. 73 do Patrimonio Histórico Español.

Volvendo á dación en pago no caso presente, entendo que a regulación, dada a situación económica actual, debería modificarse para admitir a dación de inmobles en pago de débeda –como xa está acorrindo en varias autonomías: Madrid, Canarias e Cataluña, por ex.-; pero o certo é que esta posibilidade non existe na normativa actual en Galicia. Xa que logo, só de forma indirecta poderíase conseguir a finalidade buscada polo concello. Pero aquí non se trata dun particular. Neste caso a concorrencia de que as partes interesadas son dúas Administracións Públicas amparadas polo interese xeral –incuestionable neste suposto, por ser a única maneira en que a Fundación pode liquidar os impostos pendentes-, unida o feito antes analizado da posibilidade de compensación previsto legalmente e o detalle de que o Concello pode mercar un inmoble de acordo coa súa lexislación específica, levan a conclusión de que pode facerse, áinda que con esa dúbida legal.

5.- Aplicación contable. Expediente de xeración e modificación de créditos orzamentarios.

A aplicación na contabilidade municipal se recollerá en outro informe específico, áinda que, sucintamente, se sinala o que segue.

- Referencia ao Remanente de Tesourería do 2013.

Na liquidación dos Orzamentos do 2013 constan 2.641.329,37 € pendentes de cobro de exercicios pechados –anteriores o 2013-, os cales son considerados case ao 100 % como “saldos de dubidoso cobro”, un total de 2.548.162,93 €, dándose a circunstancia de que nese apartado da contabilidade oficial do concello se considera a débeda da Fundación – débeda líquida, vencida e esixible sen dúbida algúna como se leva exposto– como de “dubidoso cobro” o que supón que non se computase como tal, en termos contables, por esa razón.

Tendo en conta estes feitos indubidables en canto están avalados documentalmente nas instancias citadas, ORAL basicamente, Concello de SILLEDA e Fundación Semana Verde así mesmo, resulta evidente para o Secretario que subscribe esta conclusión:

O concello de SILLEDA ten que recoñecer na súa contabilidade unha realidade, legalmente acreditada –nestes intres está en vía executiva no ORAL, pendente de embargo–, a débeda que mantén a FUNDACION en concepto de impostos impagados por

importe de 1.090.432,72 de principal más intereses e recargo de apremo que supoñen un total de 1.610.049,85 € a 31-12-2013 (véxase o cadro descriptivo antes recollido).

- Visto o feito de que na liquidación do 2013 resultou un remanente de tesourería negativo, segundo se recolle anteriormente, e que os dereitos pendentes de cobro, 2.641.329,37 €, de exercicios pechados –anteriores o 2013- son considerados case ao 100 % como “saldos de dubidoso cobro”, un total de 2.548.162,93 €, entre os cales se atopaba a débeda da Fundación, o principal, si se fixera unha extrapolación/corrección só dessa cantidade, incluíndo-a e non cualificándoa coma de dubidoso cobro, resulta evidente que o remanente sería o seguinte:

TOTAL FONDOS LÍQUIDOS	554.801,89
TOTAL DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.790.395,51
TOTAL OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	1.153.161,57
Remanente de Tesourería total	+ 2.191.835,83

Remanente tesourería total	2.191.835,83 €
Menos: Saldo de dubidoso cobro (2.548.162,93- 1.090.432,72)=	1.457.730,21 €
Menos: Exceso de financiación afectada	40.000,00 €
Remanente tesourería gastos xerais	+ 694.105,62 €

NOTA: Si se restaran os 1.090.432,72 € da débeda da Fundación, considerados de dubidoso cobro do total de 2.548.162,93, considerando, polo contrario, que é unha débeda vixente e executable de inmediato, ademais.

- **Expediente de xeración e modificación de créditos orzamentarios.**

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LFL)(art. 181).
- Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril (arts 43, 44 e 45).
- Bases de execución dos orzamento (14º)

ANTECEDENTES:

Os maiores ingresos corresponderán a débeda da Fundación co Concello segundo o balance que se cita a continuación.

- Na data que se emite este informe se atopa aprobado definitivamente o orzamento para o ano 2014, pendente publicación Edicto.

- Os art. 181.a) do RD Lex. 2/2004 e 43.a) do RD 500/1990 establecen que poderán xerar crédito nos estados de Gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados de achegas e compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente coa Entidade Local, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos do Concello de Muros.

- Segundo o artigo 44.a) do RD 500/1990 para proceder a xeración de crédito é requisito indispensable o recoñecemento do dereito ou a existencia do compromiso firme de achega. O compromiso firme é o acto polo que calquera Entes ou persoa pública ou privada, se obriga, mediante un acordo ou concerto coa Entidade Local, a financiar un gasto determinado (sinatura dun convenio, resolución de outorgamento dunha subvención,...).

- Os expedientes de xeración de crédito aprobaranse polo Alcalde, previo informe de Intervención no que se deixe constancia de:

- A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- Os conceptos de ingreso onde se produce o ingreso ou compromiso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.
- As aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

- O artigo 40.1 do RD 500/1990 define transferencia de crédito como aquela modificación do Orzamento de gastos mediante a cal, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe global ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica. A competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local, tal como se indica nas Bases de Execución do Orzamento vixente.

- As transferencias de crédito de calquera clase están suxeitas ás seguintes limitacións:

- a)Non afectarán ós créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b)Non poderán minorar os créditos que fosen incrementados con suplementos de crédito ou transferencias, salvo os de persoal, nin por incorporación de remanentes non comprometidos de exercicios pechados.
- c)Non incrementarán os créditos que fosen minorados como consecuencia doutras transferencias, salvo os de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

Non existe inconvinte algúin, polas razóns expostas, para tal modificación/xeración de crédito, coas cantidades/conceptos que, provisionalmente, se recollen:

- Partindo do principal de 982.563,35 € de principal que xa figura na contabilidade –pequeñas diferenzas ao marxe-, o resto ata o total de 1.610.049,85 € - 218.086,65 € = 1.391.963,80 € serán ingresos a maiores que se regularizarán mediante expediente de xeración de créditos, pola diferenza de 1.391.963,80 – 982.563,35 = 409.400,45 €, en ingresos, coa paralela modificación orzamentaria en gastos por unha suma total de 982.563,35 + 409.400,45 = 1.391.963,80, que será o valor da contrapartida que abone a Fundación, neste caso os 2 inmobilés os que se fixo referencia mais o saldo final en efectivo ou outro ben compensable.

INGRESOS.

Xeración créditos: 409.400,45 €

Consignación existente: 982.563,35 €

GASTOS:

Adquisición de inmobilés/efectivo/valores: 1.391.963,80 €

6.- COMPETENCIA PARA CONTRATAR. O Alcalde ten asumida a atribución para contratar conforme dispón a DA 2º.2 LCSP e relación co art. 22 da LBRL, sempre e cando non se supere o 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto vixente. Do último exercicio liquidado do 2013 se desprende que os recursos ordinarios liquidados ascenden a 4.655.573 €, polo que o 10 % = 465.557. A cuantía do contrato, da compensación, supera esa cantidade, sendo superior ao 10 % antedito, polo que a competencia é do Pleno da Corporación.

Disposición Adicional Segunda da LCSP:

- *El Alcalde y los Presidentes de las Entidades locales: (DA 2º.1 LCSP)*³

Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 % de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

Asimismo corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando su valor no supere el 10 % de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.

• *El Pleno: (DA 2º.2 LCSP)*Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad local.Asimismo corresponde al Pleno la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio cuando no estén atribuidas al Alcalde o al Presidente, y de los bienes declarados de valor histórico o artístico cualquiera que sea su valor.

Cuadro de competencias orgánicas en materia de contratos en el ámbito local (Régimen común):

<i>Alcaldes y Presidentes de las Entidades Locales</i>	<i>Pleno</i>
<p><i>I.- Contrataciones y concesiones sobre bienes, con límites:</i></p> <p><i>a.- Regla: >10% recursos ordinarios Presupuestos, y nunca más de 6 millones euros en contratos y 3 millones en concesiones demaniales.</i></p> <p><i>b.- Si es plurianual:</i></p> <p><i>b.1.- Hasta 4 años, y</i></p> <p><i>b.2.- Importe acumulado no superior 10% R.O.P.⁶ del 1º ejercicio, y nunca más de 6 millones de euros.</i></p>	<p><i>I.- Contrataciones y concesiones demaniales, si:</i></p> <p><i>a.- Regla: Más de 10% ROP, y siempre que más de 6 millones de euros.</i></p> <p><i>b.- Si es plurianual:</i></p> <p><i>b.1.- Más de 4 años, siempre.</i></p> <p><i>b.2.- Hasta 4 años, si más de 10% ROP del 1º año, y siempre que más de 6 millones de euros.</i></p>
<p><i>2.- Adquisición bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial:</i></p>	<p><i>2.- Adquisición bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial:</i></p> <p><i>Más de 10% ROP, y siempre que más de 3 millones</i></p>

<i>Hasta 10% ROP, y nunca más de 3 millones de €.</i>	<i>de €.</i>
<i>3.- Enajenación patrimonio, siempre dentro de límite de 10% ROP y 3 millones de €.</i>	<i>3.- Enajenación patrimonio, siempre que más de 10% ROP y 3 millones de €. Y bienes declarados de valor histórico ó artístico cualquiera que sea su valor.</i>

7.- PROPOSTA DE PAGO/COMPENSACION. BALANCE FINAL.

Partindo do cómputo antes exposto, as posibilidades de chegar a un acordo de liquidación da mesma se asentaría nestas:

BASES

- A débeda a favor municipal se sitúa en 1.610.049,85 €, subdividida en 982.563,35 € de principal, mais 627.486,50 € de intereses, coa puntuación de que se computan 218.086,65 € en concepto de recargo de apremo.
- A débeda do Concello coa FUNDACION ascende a 300.506,05 € que mais os intereses resulta un total de 383.530,30 €.
- As posibilidades de compensación do saldo favorable ao Concello por importe de 1.226.519,55 €, logo das conversas mantidas, en orde a intentar acadar unha solución satisfactoria para ambalasdúas partes, desde a perspectiva de salvagardar os intereses xerais que defenden como Administracións Públicas, se concretarían na transmisión duns inmobles da Fundación coma contraprestación por importe de 583.689,98 € (Edificio sede Escola Música) e 120.431,69 € (Terreos Campo de Golf), un total de **704.121,57** €, sempre coa observación dun ditame/peritaxe municipal.
- Comoqueira que o balance, logo de esa compensación co edificio da Escola de Música e terreos de Campo de Golf, aínda non cubriría o total, cun saldo favorable o Concello por importe de 522.397,98 €, que minorado cos - 218.086,65 € de recargo de apremo quedaría en **+ 304.311,33** €, as partes se comprometerían a búsquea dunha solución final que pasaría polo seguinte:
 - Cesión doutro inmoble para compensar.
 - Pago en metálico.
 - Outras posibilidades a analizar.

BALANCE FINAL			
CONCEPTO	PRINCIPAL	INTERESES	TOTAL
DEBEDA FUNDACION/ CONCELL	982.563,35	627.486,50	1.610.049,85
DEBEDA CONCELLO/FUNDACION	300.506,05	83.023,75	383.530,30 €
DIFERENZA A FAVOR DO			1.226.519,55 €

CONCELLO	PROPOSTA E PAGO/COMPENSACION	
VALORACION EDIFICIO SEDE ESCOLA MUSICA		- 583.689,88 €
TERRENOS CAMPO DE GOLF		- 120.431,69 €
SALDO A FAVOR CONCELLO		+ 522.397,98 €
REDUCCION DO RECARGO DE APREMO		- 218.086,65 €
SALDO FINAL		+ 304.311,33 €

Sobre todo o exposto, procede as seguintes:

CONCLUSIONS

Primeira.- A liquidación e compensación de débedas entre FUNDACION SEMANA VERDE e CONCELLO DE SILLED A 31-12-2013 se expresaría neste cadro:

SALDO FAVORABLE CONCELLO	1.226.519,55 €
VALORACION EDIFICIO SEDE ESCOLA MUSICA	583.689,88 €
TERREOS CAMPO DE GOLF	120.431,69 €
SALDO A FAVOR CONCELLO	522.397,98 €
REDUCCION DO RECARGO DE APREMO	- 218.086,65 €
SALDO FINAL	+ 304.311,33 €

En canto a súa concreción legal/documental, quedaría pendente de plasmar o acordo en canto a ese saldo de **+ 304.311,33 €**, coa aclaración de que se restan os 218.086,65 € en concepto de recargo de apremo por mor de esa compensación, que se debería facer unha valoración pericial polo Concello, e recorrendo as posibilidades anteditas para culminar esa proposta:

- Cesión doutro inmoble para compensar.
- Pago en metálico.
- Outra fórmula calquera prevista na lexislación vixente.

Segunda.- A competencia para aprobar liquidación/compensación de débedas entre Concello e Fundación lle corresponde ao Pleno.

Terceira.- A aplicación na contabilidade municipal se efectuará partindo do principal de 982.563,35 € que xa figura na mesma, o resto ata o total de 1.610.049,85 € - 218.086,65 € = 1.391.963,80 € serán ingresos a maiores que se regularizarán mediante expediente de xeración de créditos, pola diferenza de 1.391.963,80 - 982.563,35 = 409.400,45 €, en ingresos, coa paralela modificación orzamentaria en gastos por unha suma total de 982.563,35 + 409.400,45 = 1.391.963,80, que será o valor da contrapartida que abone a Fundación, neste caso os 2 inmobilés os que se fixo referencia mais o saldo final en efectivo ou outro ben compensable, quedando todo pendente, obviamente, da concreción definitiva.

Este é o informe que emito segundo o meu leal saber e entender, a petición da Alcaldía. SILLEDA, 27 de Outubro de 2014. O Secretario. Asdo.: Manuel Quintans Queiruga.

(...)

Logo do informe xurídico se aproba -por maioría de 12 votos a favor e unha abstención- o presente documento contractual segundo a parte dispositiva e cláusulas reguladoras que se recollen de seguido:

PARTE DISPOSITIVA

1.- *Identificación das parcelas a enaxenar propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE.*

A.- Inmoble Nº 1. Dúas parcelas de 14.814,00 m² e 14.292,00 m² (2 PERITAXES).

-Parcelas nº 473 e 474 do Polígono 506, situadas en Parroquia de Ponte cunha superficie total de 14.814,00 m² e 14.292,00 m², propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, denominadas no informe jurídico como "Campo de Golf" e cos datos identificativos que seguen:

Parcela 473. Polígono 506. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
Cualificación Urbanística: Suelo Rústico de Protección de Aguas y Protección Agropecuaria

Superficie total: 14.814,00 m². Pastizal
Valor Suelo Pastizal: 4,50 €/m²
Valor de suelo pastizal: 66.663,00
Valor Pozo: 1.500,00 €

TOTAL: 68.163,00 €.

Parcela 474. Polígono 506. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
Cualificación Urbanística: Suelo Rústico de Protección Agropecuaria

Superficie total: 14.291,00 m². Pastizal, pinar maderable e robledal autóctono
Pastizal: 6.403,00 m²
Pinar maderable e robledal autóctono: 7.888,00 m²

Valor Suelo Pastizal: 4,50 €/m²
Valor suelo Pinar/Robledal: 3,50 €/m²
Valor de suelo pastizal: 28.813,50

Valor de suelo pinar maderable e robledal autóctono: 27.608,00 €
 Valor pinos: 2.190 €

Valor paisajístico y del roble: 10.540 €

TOTAL: 69.151,50 €.

IDENTIFICACION	PARCELAS	VALOR TOTAL
Parcelas nº 473 e 474 do Polígono 506, situadas en Parroquia de Ponte cunha superficie total de 14.814,00 m ² e 14.292,00 m ² , propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, denominadas no informe xurídico como "Campo de Golf"	68.163,00 €.	137.314,50 €
	69.151,50 €.	

A valoración pericial foi efectuada a petición da FUNDACION polo Arquitecto Martín Pereiras Corzón en data 10 de Xaneiro de 2014.

Hai outra valoración pericial efectuada a petición da FUNDACION polo Arquitecto Juan Manuel Martinez Soto en data 17 de Decembro de 2013. O a súa tasación é a seguinte:

IDENTIFICACION	PARCELAS	VALOR TOTAL
Parcelas nº 473 e 474 do Polígono 506, situadas en Parroquia de Ponte cunha superficie total de 14.814,00 m ² e 14.292,00 m ² , propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, denominadas no informe jurídico como "Campo de Golf"	78.339,50 €.	141.627,79 €
	63.288,29 €.	

.....

B.- Inmoble N° 2. Un edificio de 1.819 m² construidos, en 2.700 m² de parcela (3 PERITAXES)

- **Inmoble** sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie construída de 1.819 m², do ano 1.985, cunha superficie total en perímetro de 2.700 m² propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos que seguen:

Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
 Cualificación Urbanística: Área de planeamento incorporado

Superficie total: 2.700 m².
 Superficie construída: 1.819,00 m²
 Valor construcción: 444,00 €/m²

TOTAL: 581.497,92 €.

- A valoración pericial foi efectuada a petición do Concello polo Arquitecto Abraham Castro Neira, Col. 4401, en data 20 de Novembro de 2014.

- Hai outra valoración pericial efectuada a petición da FUNDACION polo Arquitecto Martín Pereiras Corzón en data 20 de Novembro de 2014. O a súa tasación é a seguinte:

TOTAL: 582.807,60 €.

- Hai unha terceira valoración pericial efectuada a petición da FUNDACION polo Arquitecto Juan Manuel Martinez Soto en data 17 de Decembro de 2013. O a súa tasación é a seguinte:

TOTAL: 686.419,92 €

.....

C.- Inmoble Nº 3 (1 Peritaxe)

- **Inmoble** sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie de 8.251,40 m², propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos que seguen:

Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
Cualificación Urbanística: Suelo urbano. Servicios comunitarios

Superficie total: 8.251,40 m². Edificabilidad máxima: 40 %. Ordenación Aberta.
Valor suelo: 30,00 €/m²

TOTAL: 247.542 €.

- A valoración pericial foi efectuada a petición do Concello polo Arquitecto Abraham Castro Neira, Col. 4401, en data 20 de Novembro de 2014.

Como compendio das taxacións anteditas, resulta este RESUMO:

CONCEPTO	Abraham Castro	Martín Pereiras	Martinez Soto	TOTAL MEDIA
Parcelas nº 473 e 474 (Campo de Golf)		137.314,50 €	141.627,79 €	139.471,14 €
Edificio Uso Administrativo (Escola de Música)	581.497,92 €	582.807,60 €	686.419,92 €	616.908,48 €
Parcela adicada futuro Centro de Día	247.542,00 €			247.542,00 €
Total				1.003.921,62 €

2.- Concreción/Cuantificación da débeda entre as dúas Institucións. Da Fundación Semana Verde co Concello e viceversa.

2.1.- Antecedentes. Documento de recoñecemento de débeda entre as partes. O 26 de Febreiro de 2009, en documento asinado entre a Directora Xeral da Fundación Semana Verde e a Alcaldesa, se recoñeceu que as débedas entre as dúas partes é a que se recolle no cadro seguinte:

CONCEPTO. DEBEDA DA FUNDACION CO CONCELLO	CANTIDADE
IBI. Principal e intereses	1.267.786,37
IAE	80.003,23
Taxa lixo	6.828,97
TOTAL	1.354.618,57

CONCEPTO. DEBEDA DO CONCELLO COA FUNDACION	CANTIDADE
Aportación municipal posta en marcha da Fundación	300.506,05 €
TOTAL	300.506,05 €

Cómputo exacto. Por tanto, se parte dunha débeda de 1.354.618,57 a favor de Silleda e paralelamente o Concello recoñeceu outra de 300.506,05 € coa Fundación en concepto de dotación/apartación municipal inicial para a posta en marcha da mesma.

Aplicando o interese de demora, sería:

PRINCIPAL	INTERES DEMORA	TOTAL
300.506,05 €	5 %. 2009	315.531,35
315.531,35	5 %. 2010	331.307,91
331.307,91	5 %. 2011	347.873,30
347.873,30	5 %. 2012	365.266,96
365.266,96 (A 31-12-2013)	5 %. 2013	383.530,30
383.530,30 (A 31-12-2014)	5 %. 2014	402.706,81
TOTAL		402.706,81

2.2 . - Débeda da Fundación a 31-12-2013.

Cos datos oficias de ORAL, Servizo de Recadación da Deputación, a situación da débeda contraída pola Fundación Semana Verde de Galicia co Concello de Silleda por tributos municipais pendentes de pago, mais en concreto en vía executiva, cunha suspensión da mesma ata o 31-12-2014, de carácter excepcional, e cunha sentencia previa favorable ao Concello, é a que segue:

DEUDA DA FUNDACION SEMANA VERDE POR CONCEPTOS IMPOSITIVOS CO CONCELLO DE SILLEDA A 31-12-2013						
Nº RECIBOS	TOTAL DEUDA	COBROS	ING.ACUENTA	TOTAL COBROS	TOTAL BAJAS	A INGRESAR
PRINCIPAL	1.202.796,59	10.401,52	107.869,37	118.270,89	101.962,35	982.563,35
RECARGO	240.559,43	2.080,31	0,00	2.080,31	20.392,47	218.086,65
INTERESES	456.142,45	3.101,55	0,00	3.101,55	43.804,88	409.236,02
COSTAS VALOR	188,43	12,50	5,85	18,35	6,25	163,83
COSTAS EXPEDIENTE	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.899.686,90	15.595,88	107.875,22	123.471,10	166.165,95	1.610.049,85

2.3.- Débeda entre as partes. Actualización a 31-12-2013.

Sobre o exposto, a actualización da débeda entre as partes sería a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Débeda Fundación co Concello	1.610.049,85
Débeda Concello coa Fundación	383.530,30
SALDO FAVORABLE CONCELLO	1.226.519,55 €

3.- Compensación final entre impostos municipais pendentes de pago a 31-12-2013 e a valoración dos inmobilés que transmite a FUNDACION o Concello para liquidar os mesmos.

Partindo do antedito, o balance final será este:

BALANCE FINAL			
CONCEPTO	PRINCIPAL	INTERESES/ recargo apremo	TOTAL
DEBEDA FUNDACION/ CONCELL	982.563,35	627.486,50	1.610.049,85
DEBEDA CONCELLO/FUNDACION	300.506,05	83.023,75	383.530,30 €
DIFERENZA A FAVOR DO CONCELLO			1.226.519,55 €
REDUCCION DO RECARGO DE APREMO			- 218.086,65 €
SALDO FINAL IMPOSTOS MUNICIAIS PENDENTES DE COBRO A 31-12-2013, MINORADO POLA DEBEDA COA FUNDACION E O RECARGO DE APREMO			<u>1.008.432,90 €</u>
PROPOSTA DE PAGO/COMPENSACION			
VALORACION EDIFICIO USO ADMINISTRAIVO / FUTURA SEDE ESCOLA MUSICA			- 616.908,48 €
TERRENOS "CAMPO DE GOLF"			- 139.471,14 €
TERREOS "CENTRO DE DIA"			- 247.542,00 €
VALORACION TOTAL/SUMA DOS 3 INMOBLES			<u>1.003.921,62 €</u>
SALDO FINAL/DIFERENZA ENTRE IMPOSTOS/INMOBLES			+ 4.511,28 €

En base a tódolos antecedentes anteriormente expostos, ambas partes recoñécense mutuamente a súa capacidade legal para contratar, e acordan subscribir este **CONTRATO DE LIQUIDACION E COMPENSACION DE DEBEDAS, MEDIANTE A TRANSMISION FINAL DE INMOBLES PROPIEDADE DA FUNDACION AO CONCELLO PARA LIQUIDAR AS MESMAS**, con arrego as seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA .- COMPENSACION. O Concello de SILLEDA e a FUNDACION SEMANA VERDE, recoñecen que a débeda municipal en concepto de apartación municipal para a posta en marcha da Fundación no ano 1991 se cifra en TRESCENTOS OITENTA E TRES MIL CINCOCENTOS TRINTA CON TRINTA CENTIMOS DE EURO (383.530,30 €), e queda compensada cos impostos municipais pendentes de pago por un importe total de 1.610.049,85 € , sen que teñan nada mais que reclamar por tal concepto.

SEGUNDA .- Concreción da débeda. A FUNDACION SEMANA VERDE, recoñece que a débeda co Concello se sitúa en 1.226.519,55 €, logo da compensación citada na cláusula anterior ($1.610.049,85 - 383.530,30 = 1.226.519,55$).

TERCEIRA .- Compensación con patrimonio da Fundación. O Concello de SILLEDA e a FUNDACION SEMANA VERDE acordan que a débeda pendente co municipio, cifrada en 1.226.519,55 € - logo da redución antedita-, se liquide mediante nova compensación, para o cal a FUNDACION TRANSMITE A TITULARIDADE DE 3 INMOBLES, segundo a taxación pericial que se citou anteriormente e se concreta nas cláusulas que seguen.

CUARTA.- Recargo de Prema. A xestión de cobro da débeda da FUNDACION SEMANA VERDE a prol deste Concello está xestionada pola Deputación de Pontevedra-ORAL. Dado que este acordo leva aparellado o cobro das débedas mediante compensación e que de conformidade ca Ordenanza Fiscal polos servizos prestados por dita Entidade Provincial a eficacia deste acordo de compensación, resulta, de conformidade cos informes que figuran no expediente, a non aplicación das taxas correspondente que xustamente e pola idéntica contía co recargo de prema. A percepción do recargo de prema polo importe de 218.086,65 €, leva aparellada simultaneamente o compromiso de desembolso simultáneo como achega extraordinaria a FUNDACION SEMANA VERDE de cantidade idéntica quedando en consecuencia compensada, resultando polo tanto un saldo favorable liquidable ao Concello de 1.008.432,90 €.

QUINTA.- TRANSMISIÓN DE TRES INMOBLES. O Concello de SILLEDA adquire a titularidade dos 3 inmobilés que se citan de seguido, libre de cargas e gravames, dos que se deberá entregar a posesión en data 31 de Decembro de 2014, e que se describen:

A.- Inmoble Nº 1

-Parcelas nº 473 e 474 do Polígono 506, situadas en Parroquia de Ponte cunha superficie total de 14.814,00 m² e 14.292,00 m², propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, identificadas como "Campo de Golf" e cos datos identificativos que seguen:

Parcela 473. Polígono 506. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
 Cualificación Urbanística: Suelo Rústico de Protección de Aguas y Protección Agropecuaria
 Superficie total: 14.814,00 m². Pastizal. Referencia Catastral: 36052G506004730000RX

Parcela 474. Polígono 506. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
 Cualificación Urbanística: Suelo Rústico de Protección Agropecuaria
 Superficie total: 14.291,00 m². Pastizal, pinar maderable e robledal autóctono
 Referencia Catastral: 36052G506004740000RI

B.- Inmoble Nº 2

- **Inmoble** sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superfuicie construída de 1.819 m², do ano 1.985, cunha superficie total en perímetro de 2.700 m² propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos que seguen:

Referencia Catastral: 36052G513054430000RP
 Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
 Cualificación Urbanística: Área de planeamento incorporado
 Superficie total: 2.700 m².
 Superficie construída: 1.819,00 m²

C.- Inmoble Nº 3

- **Inmoble** sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie de 8.251,40 m², propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos:

Referencia Catastral: 36052G513054430000RP
 Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA
 Cualificación Urbanística: Suelo urbano. Servicios comunitarios
 Superficie total: 8.251,40 m². Edificabilidade máxima: 40 %. Ordenación Aberta.

SEXTA.- Prezo e Pago. O prezo que aboará o Concello de SILLEDA pola adquisición dos 3 inmobles ascende a cantidade total de **UN MILLON TRES MIL NOVECENTOS VITEUN CON SESENTA E DOUS CENTIMOS DE EUROS (1.003.921,62 €)**, coa taxación individualizada que se recolle a continuación:

VALORACION EDIFICIO USO ADMINISTRATIVO / FUTURA SEDE ESCOLA MUSICA	616.908,48 €
Inmoble sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie construída de 1.819 m ² , do ano 1.985, e unha superficie total en perímetro de 2.700 m ²	
TERREOS denominados “CAMPO DE GOLF”	139.471,14 €
Parcelas nº 473 e 474 do Polígono 506, situadas en Parroquia de Ponte cunha superficie total de	

14.814,00 m ² e 14.292,00 m ²	
TERREOS denominados “CENTRO DE DIA”	247.542,00 €
Inmoble sito no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie de 8.251,40 m ²	
VALORACION TOTAL/SUMA DOS 3 INMOBLES	<u>1.003.921,62 €</u>

As dúas partes conveñen que ese prezo se aboará cos impostos municipais pendentes de pago pola FUNDACION por un valor total de **1.008.432,90 €**, e como resultado da anterior operación – 1.008.432,90 de impostos – 1.003.921,62 valor inmobles = + 4.511,28- resulta un saldo acreedor a favor do Concello de + 4.511,28 €.

O pago do prezo realizase neste acto, do que se outorga a máis eficaz carta de pago.

O Concello de Silleda notificará este acordo a Recadación Executiva (ORAL) aos efectos legais procedentes de cancelación da débeda vencida, líquida e exible que mantíña a FUNDACION co municipio, e coa correspondente cancelación do Aval depositado en garantía da mesma.

SETIMA.- GASTOS E IMPOSTOS. Tódolos gastos e impostos que orixine este contrato, se os houbera, serán de conta do comprador dos inmobles, Concello de SILLEDA, e no referente a formalización da escritura pública, a conta de quien desexara efectua-la.

OCTAVA .- PERITAXES E ANEXOS. Incorporase a este contrato, como parte esencial do mesmo, informes previos, borrador Convenio non aprobado de Marzo do 2014, Informe Xurídico da XUNTA, as certificacións da débeda emitidas por ORAL, taxación dos inmobles por parte dos Arquitectos Abraham Castro Neira, Col. 4401, Martín Pereiras Corzón, Col. 4236 e Juan Manuel Martinez Soto, así como os Certificados do Catastro e copia das Escrituras/Certificación da propiedade dos inmobles.

NOVENA.- Comisión de seguimento e para resolver discrepancias. As partes acordan constituir unha Comisión Paritaria para resolver as discrepancias, o desenvolvemento do acordado e calquera aspecto que resulte da execución deste contrato/convenio, formada polo Alcalde e Secretario, por parte municipal, e o Director Xeral e Coordinador Económico pola Fundación. En caso de persistencia das diverxencias, estas serán resoltas polo Excmo. Sr. Conselleiro da Presidencia e Presidente da Fundación e o Sr. Alcalde conxuntamente.

DECIMA.- Dereito supletorio. Para o non previsto neste contrato e na restante

documentación contractual estarase ao establecido no Texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, BOE 16 -11 e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas no que lle resulte aplicable. Supletoriamente, atenderase ao disposto nas restantes normas de derecho administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de derecho privado.

UNDECIMA.- Declaración das partes. As dúas Institucións, a traveso do Alcalde e Presidente Fundación/Director Xeral, desexan deixar constancia de que se trata dun acordo en beneficio das dúas partes, pero tamén do pobo de SILLEDA e, en xeral, de tódolos galegos, en tanto co mesmo a FUNDACION se libera dunha débeda que oprimía o seu traballo, creando as naturais dificultades na xestión económica, máxime cando non disponía de efectivo para facerlle frente (coas consecuencias extremas que puideran derivarse dese feito), o que lle permitirá, a partir de agora, adicarse a súa función, amplia-la e mellora-la, si cabe, en exercicio das tarefas que lle son propias, que redundarán no beneficio dos sillerenses e demais cidadáns, e o Concello, amén de resolver un contencioso enquistado desde fai anos, coopera, como non podía ser menos, cunha Institución non só emblemática, todo un símbolo desta Vila –sirva coma sinxela referencia a difusión nacional e internacional do nome de SILLEDA con motivo da feira agropecuaria anual-, senón tamén pola súa importancia política e económica, xa que, nese senso, pode dicirse que é a primeira empresa deste municipio, polo que non debe, xamais, quedarse a Corporación ao marxe dos seus problemas, felicitándose ao mesmo tempo porque o acordo supón incrementar notablemente o patrimonio público local coas 3 propiedades que pasan a ser da súa titularidade, co engadido da trascendencia social que levan implícitos, xa que cumple lembrar os fins de interese público aos que se pretende destinar tales bens polo Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar conclúe a sesión as doce (1200) horas do día quince (15) de Decembro de 2014. Do que, como Secretario, DOU FE.



